



Concello de Ortigueira

Expte: 1033/2018

Asunto: Aprobación provisional de admitidos e excluídos, designación de Tribunal Cualificador e data do primeiro exercizo

Procedemento: proceso selectivo, mediante o sistema oposición libre, de constitución dunha bolsa integrada por persoal susceptible de ser nomeado funcionario interino da Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial de servizos-condutor e servizos múltiples (C2)

RESOLUCIÓN

Por resolución desta Alcaldía do día 1 de outubro de 2018, número 2018-0957 no seu punto terceiro fíxase o día 18 de outubro de 2018 para a celebración do primeiro exercizo previsto no proceso selectivo para a constitución dunha bolsa integrada por persoal susceptible de ser nomeado funcionario interino da Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial de servizos-condutor e servizos múltiples (C2)

Por varios membros do Tribunal poñen de coñecemento que ese día non poderán asistir.

Estimando que se debe garantir que o Tribunal cualificador se constituía co maior número de membros titulares

No uso das atribucións que me están conferidas

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o punto terceiro da resolución número 2018-0957 polo que se fixa o día 18 de outubro de 2018 para a celebración do primeiro exercizo previsto no proceso selectivo para a constitución dunha bolsa integrada por persoal susceptible de ser nomeado funcionario interino da Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial de servizos-condutor e servizos múltiples (C2), quedando redactado do seguinte xeito:

*“Terceiro.- Convocar aos aspirantes para a realización do primeiro exercizo ás 09:30 horas do **luns , 22 de outubro de 2018** no Edificio coñecido como Hospital Vello “San Roque” sito na rúa Príncipe da Vila de Santa Marta de Ortigueira”*

Segundo.- Publicar a presente resolución nos taboleiros de edictos da sede electrónica e nas dependencias administrativas do Concello de Ortigueira aos efectos oportunos

O Alcalde

Documento asinado dixitalmente á marxe

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2. e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido

O Secretario

Asinado dixitalmente ao marxe

Concello de Ortigueira